

Bloque 3. Tema 7.

A Restauración borbónica

Tras a disolución da Asemblea Nacional polo xeneral Pavía o xeneral Serrano asumiu o poder executivo da República, apoiado por algúns xefes militares e políticos radicais que formarán parte do seu goberno. Serrano suspendeu as garantías constitucionais e prometeu convocar Cortes constituíntes cando o país estivese pacificado.

As tensións entre os grupos republicanos, a Terceira Guerra Carlista, a Guerra de Cuba e o incremento das reivindicacións sociais por parte da AIT provocaron unha gran inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España e ao éxito das reivindicacións sociais. Estes temores favoreceron os intentos de **Cánovas del Castillo** de restaurar a monarquía na persoa de Afonso de Borbón, fillo de Isabel, que se presentaba como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal, como se reflexa no **Manifiesto de Sandhurst**.

O 29 de decembro de 1874, o xeneral **Martínez Campos** pronunciouse a favor da **monarquía de Alfonso XII**, con escasa resistencia. Remataban así a rexencia de Serrano e a Primeira República. O novo rei será alcumado “o pacificador”, debido a que con el conséguese poñer fin a dúas guerras que afectaban: en Cuba, chégase a un acordo grazas a que permite a liberdade de ventres, polo que a reprodución deixa de implicar escravitude, e coa toma de Montejurra, en 1876, rematou a Terceira Guerra Carlista.

O sistema político da Restauración borbónica estará deseñado por Cánovas, que defenderá o establecemento dunha **monarquía constitucional doutrinaria** cunha reorganización dos partidos políticos. Establecería unha **alternancia no poder** a través do fraude electoral, a **quenda pacífica**. As formacións que se repartirían o poder serían o **Partido Conservador** (moderados e unionistas), liderado polo propio Cánovas, e o **Partido Liberal** (progesistas, demócratas e republicanos posibilistas), liderado por Sagasta.

Cánovas é nomeado presidente do goberno por Afonso XII e convocaránse eleccións a Cortes constituíntes aplicando a lei electoral de 1868. Trala vitoria conservadora redáctase a **Constitución de 1876**, na que se establecía unha monarquía constitucional doutrinaria na que a Coroa compartía soberanía coas Cortes, nomeaba libremente aos ministros e podía suspender e

disolver as Cortes. As Cortes eran bicamerais, constituídas polo Congreso e o Senado, e estaban superditadas á Coroa. A parte dogmática estaba redactada dun xeito moi xenérico, polo que a súa interpretación dependía da forza gobernante. Durante os turnos de Cánovas, limitarían máis os dereitos e liberdades, mentres que nos gobernos de Sagasta faríase unha interpretación máis ampla. Esta alternancia tiña como obxectivo non permitir a participación do goberno ós inimigos comúns: o movemento obreiro e os republicanos.

Para levar a cabo esta falsa democracia, o ministro de gobernación crearía un **encasillado** (encadramento) e apoiárase no **sistema caciquil** e no fraude electoral con métodos como o **pucheirazo** (consistente na substitución masiva do voto). O sistema funcionaba de arriba a abaixo; na cúspide estaba a oligarquía dirixente, entre a que se escollía aos candidatos; no nivel intermedio o ministro de gobernación, que elaboraba o encasillado, para que os resultados previstos se cumprisen colaboraban os alcaldes e a Garda Civil; na base desta pirámide estaba o cacique local, personaxe de gran influencia sobre as autoridades e os veciños, sobre todo no rural, que empregaba esta influencia en servizo do candidato do Goberno. O control caciquil foi unha das pezas básicas do funcionamento da quenda pacífica, fabricando os resultados electorais á medida do partido que acababa de asumir o poder. A forza caciquil permitía que moitos distritos fosen sempre controlados pola mesma familia ou saíse sempre elexida a mesma persoa (os chamados “distritos enfeudados”).

Durante a *primeira quenda de Cánovas (1875-1881)*, establécese un o sufraxio censatario restrinxido e restrínxense as liberdades de prensa, asociación e reunión. Ademais, os alcaldes son escollidos polo Goberno central no caso das cidades e polos gobernadores civís no resto dos Concellos. Na quenda de Sagasta (1881-1884), iniciase unha apertura do réxime cunha lei de imprenta e permítese a actividade republicana.

Cando **Alfonso XII morre en 1885** por tuberculose, a súa muller María Cristina de Habsburgo está embarazada, pero ante a posibilidade de que fose unha nene e que fora aproveitado por republicanos e movemento obreiro para desestabilizar o réxime, Cánovas e Sagasta asinan o **Pacto do Pardo**. Mediante este establecen que Sagasta gobernaría de novo aumentando as liberdades para tratar de silenciar as críticas e a posible crise. Este periodo denomínase *quenda longa de Sagasta (1885-1890)*. Apróbase a lei de libre asociación, que permitiu a creación do marxista Partido Socialista Obrero Español (PSOE) da man de Pablo Iglesias, e pouco despois o sindicato vinculado a este, a Unión Xeral de Traballadores (UXT). Tamén se establecen os xuízos con xurado, un novo Código civil e a lei de sufraxio universal masculino (maiores de vinte e cinco anos). Sin embargo, estas medidas non afectaron aos principios básicos do sistema canovista.

O sistema da quenda funcionou pacificamente ata finais de século, cando comeza a **Crise de 1898**, xerada pola perda das últimas colonias americanas e asiáticas (Cuba, Puerto Rico e Filipinas, principalmente) na guerra contra os Estados Unidos. Esta provocou unha maior desafección polo sistema, sendo cada vez máis os grupos sociais que non se sentían representados dentro deste. Fortálécense os **movementos de oposición**, como o republicanismo, o movemento obreiro (anarquismo e comunismo) e os nacionalismos perióricos (en Galicia destacan as primeiras agrupacións rexionalistas, como a Liga Galega, e figuras como Manuel Murguía e Alfredo Brañas). Tamén hai que salientar que as teses anticlericais van gañando cada vez máis pulo dentro das forzas opositoras. Os militares, frustrados pola derrota e a perda das colonias, responsabilizaron aos políticos, producíndose o **divorcio entre turnismo e Exército**. Ademáis, xorde o **Rexeneracionismo**, movemento liderado por Joaquín Costa e que avogaba polas reformas en España para acabar co caciquismo, a corrupción e a falta de democracia. Estes síntomas de desintegración do sistema víronse reforzados debido á falta do principal artífice deste, **Cánovas del Castillo, que fora asasinado** por un anarquista en 1897.

En conclusión, a Restauración borbónica estará baseada nun sistema da quenda pacífica deseñado por Antonio Cánovas del Castillo, que triunfará nas primeiras décadas deste período grazas ao interese común da oligarquía en deixar ao movemento obreiro e ao republicanismo fora do sistema político, aínda que coa transición ao século XX dará os primeiros síntomas de esgotamento.